



“-¿E qué máis feitos quer, señor? Os feitos son ístes, un por un e tal coma socederon. O romate diles foi porque outras cousas foron pasando denantes. Se non tiveran pasado, o romate sería doutro xeito do que foi. Porque a verdade é que cada cousa que faciamos non era das que se fan decote nas esmorgas, que ao fin todas son cousas de adiversión e trastadas que teñen remedio... Nós íamolas facendo de tal xeito coma si as fixeramos sen darnos conta, ao menos polo tocantes a min, pra que logo no tivesen remedio, coma quen vai fechando portas tras de sí e guindando coas chaves, coma pra non querer voltar, tal coma si adrede camiñáramos á nosa pirdición.”


*A esmorga* (1959)

# EDUARDO BLANCO AMOR

(Ourense, 1897 – Vigo, 1979)

Foi un poeta, novelista, dramaturgo, tradutor, fotógrafo e xornalista galego. Comezou en 1915 traballando en *El Diario de Orense* e en 1919 emigrou á Arxentina, onde participou no desenvolvemento cultural da colectividade emigrante. Dirixiu *El Despertar Gallego* e foi correspondente en España para o xornal arxentino *La Nación*, ademais de colaborar asiduamente en varias publicacións coma *Céltiga*, *Correo de Galicia* ou *Nós*. En 1972 ingresou na Real Academia Galega.

## GRANDES ÉXITOS



1959

*A esmorga* (1959), publicada en Bos Aires para fuxir da censura, é unha novela clave na renovación da narrativa moderna en galego. Unha noite de troula desmedida e a súa confesión conforman unha trama onde a denuncia social, o humor, o tremendismo ou a aparición do tema homosexual artellan unha innovadora narración na forma e no contido que non chegaría a publicarse en Galicia ata 1970.

*Os biosbardos* (1962) é unha escolma de relatos ambientados en Auria, o seu Ourense literario, que están narrados desde unha perspectiva infantil na que as e os personaxes descubren a vida que comeza.



1962

Outras das súas obras son *Romances galegos* (1928), *Xente ao lonxe* (1972) e *Farsas para títeres* (1973).

“Era o escritor ourensán, ademais de xornalista, poeta, narrador e autor teatral, animado home de conversa. Gostou sempre de frecuentar as tertulias literarias. Nelas facía gala do seu recoñecido inxenio. Fachendeaba ás veces, da súa condición de intelectual autodidacta.”

*Eduardo Blanco Amor. Escolma de textos*, Francisco Fernández del Riego, publicacións da Real Academia Galega (1993)

